

## ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2024/24	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	19 de xullo de 2024
Duración	Dende as 13:24 ata as 13:40 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	NON
Mónica González Conde	NON

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 05.07.2024	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 05 de xullo de 2024.

**Expediente 1028/2024. Contratacións. “INSTALACIÓN DE DE SKATE PARK E PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDADA” A ADXUDICAR POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o Proxecto redactado por Don Román Gómez Fraiz, denominado: \*\*\*“INSTALACIÓN DE SKATE PARK Y PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDADA” \*\*\*por importe de 57.979,42 € euros IVE engadido.

Existindo a necesidade de realizar determinadas obras nun ámbito de actuación localizado no centro urbano de Silleda, concretamente na “Praza da Feira Vella”, sendo un espazo público de espaxamento para os veciños da localidade, o cal á súa vez dispón dunha marcada identidade recreativa xa que na mesma sitúase, entre outros, un parque infantil.

Na actualidade, a parcela municipal na que se define a implantación dos módulos de skatepark atópase sen uso e cun recheo a base de saburra. A parcela linda ao Sueste coa Rúa Antón Alonso Ríos, presentando unha pendente lonxitudinal suave cara á mesma.

Doutra banda, a localización na que se proxecta a implantación da pista multideporte, é nun espazo da propia praza, a cal dispón dun pavimento duro a base de laxes de pedra granítica.

Visto o informe positivo de supervisión do proxecto \*\*\*\*“INSTALACIÓN DE SKATE PARK Y PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDADA” \*\*\*que obra no expediente.

Visto o informe de non afección sectorial asinado polo redactor do proxecto no que se recolle que a execución das obras planeadas no proxecto referenciado non precisa de autorización sectorial algunha.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o venres 21/06/2024, na que se da inicio ó expediente de contratación e se aproba o proxecto \*\*\*\*“INSTALACIÓN DE SKATE PARK Y PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDADA” \*\*\*por importe de 57.979,42 € euros IVE engadido, redactado polo enxeñeiro Don Román Gómez Fraiz.

Vistos os pregos que rexerán a contratación, no que se determina que o valor estimado do contrato de obra é inferior a 2 millóns de euros e existen criterios suxeitos a xuízo de valor inferior o procedemento máis axeitado para a presente licitación é o procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159 da LCSP.

Visto o informe de Secretaría asinado o 19/07/2024.

Visto o informe de Intervención asinado o 19/07/2024.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para o contrato de obra “INSTALACIÓN DE SKATE PARK Y PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDA”.

**SEGUNDO.** Autorizar, pola contía de 57.979,42 € (IVE engadido), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, aprobándose o gasto que corresponda para 2024 con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para este exercicio.

**TERCEIRO.** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de obra “INSTALACIÓN DE SKATE PARK Y PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDA”, por procedemento aberto tramitación simplificada abreviada (art. 159.6 LCSP 2017), oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación.

**CUARTO.** Publicar o anuncio de licitación e os pregos de contratación no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

**Expediente 1155/2024. Devolución de Garantía. “EQUIPAMENTO E MELLORA DO AUDITORIO DE BANDEIRA”.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

En data 16.07.2024 con Rexistro de Entrada n.º 2024-E-RE-1105 por Fernando Pena Caramés en representación de ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS SL con C.I.F. B36563823 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva para responder do contrato de obra denominado “EQUIPAMENTO E MELLORA DO AUDITORIO DE BANDEIRA”.

Vista a cláusula XXV do Prego de cláusulas administrativas do mencionado contrato.

Considerando que de conformidade co establecido no art. 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Visto que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún por parte deste sobre a súa execución.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**Primeiro.**- Aprobar a devolución do seguinte aval:

- Aval nº: 010000020875, de data 31/08/2016, de SOGARPO por importe de 1.447,89 €.

**Segundo.**- Notificar ao interesado o presente acordo.

**Expediente 1154/2024. Devolución de Garantía. "EQUIPAMENTO PARA BIOSALUDABLES E PARLADOIROS DE SILLEDA".**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

En data 16.07.2024 con Rexistro de Entrada n.º 2024-E-RE-1104 por Fernando Pena Caramés en representación de ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS SL con C.I.F. B36563823 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva para responder do contrato de obra denominado "EQUIPAMENTO PARA BIOSALUDABLES E PARLADOIROS DE SILLEDA".

Vista a cláusula XXVI do Prego de cláusulas administrativas do mencionado contrato.

Considerando que de conformidade co establecido no art. 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Visto que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún por parte deste sobre a súa execución.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**Primeiro.**- Aprobar a devolución do seguinte aval:

- Aval nº: 010000019981, de data 28/11/2014, de SOGARPO por importe de 1.563,95 €.

**Segundo.**- Notificar ao interesado o presente acordo.

**Expediente 1057/2024. Protección da Legalidade Urbanística. SUSPENSIÓN MEDIDA CAUTELAR**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto que con data 28 de xuño de 2024 a Xunta de Goberno Local adoptou a medida provisional

de **SUSPENSIÓN E CLAUSURA DA ACTIVIDADE** realizada no local sito en Rúa Venezuela nº 9 no termo municipal de Silleda.

Visto que se concedeu o correspondente trámite de audiencia a Dona Viorica Adriana Jelnean, titular actual da actividade, no que a interesada presenta escrito solicitando que non se execute esa medida provisional de suspensión e clausura da actividade porque considera que causaría perxuízos de difícil reparación (Rexistro de entrada neste Concello n.º 2024-E-RC-2775).

Visto que existe a vontade por parte da interesada de levar a cabo as actuacións necesarias para legalizar o exercicio de actividade consistente en BARES DE CATEGORÍA ESPECIAL – PUB e tendo en conta que as medidas provisionais poderán ser alzadas ou modificadas durante a tramitación do procedemento, de oficio ou a instancia de parte, en virtude de circunstancias sobrevindas ou que non puideron ser tidas en conta no momento da súa adopción.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Suspender a medida provisional adoptada consistente na suspensión e clausura da actividade ata que o técnico municipal realice unha inspección do local para determinar as medidas a adoptar para a legalización da actividade.

**SEGUNDO:** Se na antedita inspección o técnico detectase que existe risco de calquer índole ou este Concello tivese coñecemento expreso de queixas ou denuncias sobre a actividade realizada no local sito na Rúa Venezuela nº 9, retomárase a medida cautelar imposta de suspensión e clausura da actividade.

**TERCEIRO:** Notificar a presente Resolución ao interesado, con indicación do réxime de recursos procedente, e dar traslado do mesmo, igualmente, aos servizos técnicos municipais e a Policía Local.

**Expediente 402/2024. Subvencións Directas ou Nominativas. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A ENTIDADE “ASOCIACIÓN SOCIO-CULTURAL DE CORTEGADA” PARA O ANO 2024**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a labor que realiza a Asociación Socio-Cultural de Cortegada.

Visto que a entidade volve organizar o vindeiro 20 de xullo a Festa da Paella de Cortegada, así como actividades complementarias arredor desta cita gastronómica e cultural, que cumpre 22 anos.

Visto o necesario apoio do Concello de Silleda a este tipo de iniciativas, para a promoción e difusión da gastronomía, cultura e turismo do municipio.

Visto o anexo de subvencións nominativas que foi publicado no BOP de Pontevedra nº 29 do 9 de febreiro de 2024.

Visto que transcorrido o prazo de 15 días da aprobación inicial non se presentaron alegacións e o acordo se aprobou definitivamente.

Visto o informe favorable do funcionario do departamento municipal de Cultura, Turismo, Deporte e Comunicación.

Visto o convenio proposto que se transcribe a continuación:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN  
ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A ENTIDADE “ASOCIACIÓN SOCIO-CULTURAL DE  
CORTEGADA” PARA O ANO 2024**

*En Silleda, na data da sinatura electrónica*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, D<sup>a</sup> . **Paula María Fernández Pena**, actuando como Alcaldesa-Presidenta no seu nome e en representación do **Concello de Silleda**, con CIF 3605200-I.*

*Doutra parte, D<sup>a</sup> **Román Peña León**, con D.N.I. nº 76\*\*\*\*\* como representante legal e en calidade de Presidente da entidade **Asociación Socio-Cultural de Cortegada**, con CIF G-36565141.*

*Dando fe do acto, a Secretaria Xeral da Corporación, Déborah García Suárez.*

*Todas as partes recoñécense mutuamente, na calidade na que interveñen, con capacidade e competencia suficiente para o outorgamento do presente Convenio de Colaboración e,*

**EXPOÑEN**

*I) Que as Entidades Locais, en canto Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con entidades privadas.*

*II) Que no artigo 22.2.a) da Lei 28/2003, xeral de subvencións recóllese a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.*

*III) Que no artigo 28 da Lei 38/2003, xeral de subvencións configúrase o Convenio como instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.*

*En base a todo o que se acaba de expoñer subscríbese o presente Convenio de Colaboración*

coas seguintes

### CLÁUSULAS

**PRELIMINAR:** A entidade beneficiaria da subvención acompaña no momento da firma do presente convenio a seguinte documentación:

- NIF/CIF da entidade ou asociación beneficiaria ou NIF das persoas a nome das cales se apertura a conta corrente na que se situarán os fondos, de ser o caso (Cláusula terceira).
- Declaración responsable de atoparse ao corrente coas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- Declaración responsable de non estar en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.
- Designación de número de conta bancaria.

**PRIMEIRA:** Que a finalidade do presente Convenio é a regulación do outorgamento dunha subvención nominativa.

**SEGUNDA:** Que a actividade subvencionada consiste nas actividades relacionadas coa FESTA DA PAELLA DE CORTEGADA.

**TERCEIRA:** O Concello de Silleda comprométese a aportar a cantidade de 400,00 € con carácter prepagable, debendo inescusablemente xustificarse con posterioridade nos termos que se especifican máis adiante no presente Convenio. Esta cantidade será abonada nunha conta aberta nunha entidade financeira a nome da entidade/asociación beneficiaria. Cando por razóns de índole técnica, administrativa ou outras debidamente xustificadas a apertura da devandita conta sexa imposible, poderá abonarse a cantidade nunha conta bancaria aberta ó efecto como mínimo por dous membros da Entidade beneficiaria.

**CUARTA:** O presente Convenio de colaboración terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e a aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria.

**QUINTA:** Gastos subvencionables: Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda deste convenio), e que se realicen no prazo establecido.

**SEXTA:** Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención con anterioridade á finalización de período de xustificación.

**SÉTIMA:** Son obrigas dos beneficiarios:

- 1.- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.

2.- Só serán subvencionables as actividades realizadas en galego, tanto oral como escrito, segundo o disposto na lexislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, e Decreto 173/1982, do 17 de novembro), e nas normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola Real Academia Galega na sesión plenaria do día 12 de xullo de 2003). Os proxectos subvencionables respectarán rigorosamente a toponimia oficial de acordo co preceptuado no artigo 10 da citada Lei 3/1983, o 15 de xuño, de normalización lingüística.

3.- Dar unha adecuada publicidade á actividade indicando que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Silleda.

4.- Xustificar perante o Concello de Silleda o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede a subvención.

5.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais.

6.- Comunicar ao Concello de Silleda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

7.- Acreditar con anterioridade a ditarse a resolución de concesión que se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

8.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

9.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.

10.- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

**OITAVA:** Xustificación:

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio da entidade beneficiaria, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

Esta conta xustificativa deberá recoller:



1. Facturas reglamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.

2. Unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos nos que incorra.

3. Certificado asinado pola persoa responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.

4. Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5. No seu caso, certificado das subvencións concedidas para a mesma finalidade.

Nesta conta xustificativa deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria.

A presentación da conta xustificativa realizarase, como máximo, **ata o 21 de outubro do presente ano, sen posibilidade de prórroga.**

**NOVENA:** Reintegro. Procederá o reintegro da subvención sempre que concorran as circunstancias reguladas nos artigos 36 e seguintes da Lei xeral de subvencións.

**DÉCIMA:** En materia de infraccións e sancións administrativas as partes remítense ao preceptuado nos artigos 52 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

**DÉCIMOPRIMEIRA:** O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

Polo Concello.  
A Alcaldesa-Presidenta  
Asdo. Paula María Fernández Pena

Pola Entidade.  
O Representante.  
Asdo. Román Peña León

A Secretaria  
Déborah García Suárez”

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldía na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Silleda e a Asociación Socio-Cultural de Cortegada do ano 2024, cun importe de 400 euros, e que asinarán a alcaldesa, Paula M<sup>a</sup> Fernández Pena, en representación do Concello, e o presidente da entidade, Román Peña León.

**SEGUNDO:** Dar conta do presente convenio ao departamento de Intervención.

**Expte 1161/2024 - Convenio de colaboración entre o Concello de Silleda e a Fundación Roberto Rivas**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Pola Alcaldesa dase conta do Convenio de colaboración suscrito en data 12 de xullo de 2024 entre o Concello de Silleda e a Fundación Roberto Rivas, que transcríbese a continuación:

“CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A FUNDACIÓN ROBERTO RIVAS

Silleda, 12 de xullo de 2024

**REUNIDOS**

Dunha parte, Dña. Paula Fernández Pena, Alcaldesa do Concello de Silleda con CIF P36052001 sito na rúa Progreso nº 41, 36540, Silleda.

E doutra parte, Dña. Olga Rivas Iglesias, directora da Fundación Roberto Rivas, con CIF G-70317292, con sede en Galicia, no Pazo de Sestelo, Siador-Silleda, Pontevedra, que actúa en nome e representación da Fundación en virtude das competencias que ten atribuídas.

Ambas partes recoñécense capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio, e ao efecto

**MANIFESTAN**

Que o Concello de Silleda dende as funcións que lle son propias, contribúe ó desenvolvemento económico e social do concello e da súa poboación, poñendo o seu foco na xeración de emprego, promoción do emprendemento e a creación de empresas e a dinamización da vida social e cultural de Silleda.

Que a Fundación Roberto Rivas é unha fundación privada, independente e sen ánimo de lucro que promove o desenvolvemento sostible das comunidades inclusivas de persoas e respectuosas co medio ambiente, impulsando por unha parte a xeración de oportunidades económicas principalmente a través do emprendemento social en contornas rurais, e por outra banda, impulsando o fortalecemento da sociedade e fomento dunha cidadanía global, responsable e implicada, a través da educación en valores e mellorando as capacidades e competencias das persoas, empoderándoas para conseguir comunidades resilientes.

Por todo o exposto, as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración coas seguintes

**CLÁUSULAS**

## **1.- FINALIDADE, OBXECTIVOS E ACTIVIDADES:**

A finalidade do presente convenio é establecer o marco para potenciais colaboracións entre a Fundación Roberto Rivas e o Concello de Silleda para a realización de tarefas e actividades que teñan que ver cos obxectivos compartidos e que son os que seguen:

- **CONTRIBUIR AO DESENVOLVEMENTO Lnnovador DO CONCELLO, CON ESPECIAL ATENCIÓN AO DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E SOCIAL**
- **IMPULSAR O EMPRENDEMENTO E A CREACIÓN DE EMPRESAS DENTRO DO CONCELLO**
- **PROMOVER O EMPREGO E O AUTOEMPREGO EN SECTORES QUE AXUDEN Á TRANSFORMACIÓN DO TECIDO ECONÓMICO DO CONCELLO, IMPULSANDO ACTIVIDADES SOSTIBLES, APROVEITANDO AS POTENCIALIDADES E OPORTUNIDADES DO PROPIO TERRITORIO, APOIANDO MODELOS INNOVADORES E CON IMPACTO SOCIAL Y MEDIOAMBIENTAL POSITIVO**
- **CONTRIBUIR A AMPLIAR LA OFERTA FORMATIVA, CULTURAL, ARTÍSTICA Y DE OCIO DO CONCELLO**
- **DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DE ACCIÓNS QUE CONTRIBÚAN Á CONSECUCIÓN DA AXENDA 2030 NO CONCELLO.**
- **PROMOCIÓN DA PARTICIPACION CIDADANA PROMOVENDO A IMPLICACIÓN E O COMPROMISO DOS CIDADÁNS**

Ao abeiro do presente convenio, o Concello de Silleda e a Fundación Roberto Rivas queren levar adiante actividades de interese común, cada unha dende as funcións que lie son propias, e que poderían concretarse a modo de exemplo nas seguintes:

- A Fundación Roberto Rivas propondrá actividades ao Concello para avanzar nos obxectivos que comparte co Concello de Silleda e pola outra banda o Concello poderá pedir a implicación da fundación en aqueles procesos para os que requira o apoio da entidade.
- O Concello se implicará na difusión e o apoio das actividades da fundación que repercutan positivamente no desenvolvemento local e na posta en valor do emprendemento local como poden ser o caso dos programas que desenvolve a Fundación ou o impulso da Comunidade do Territorio, comunidade de persoas emprendedoras, así como outros que teñan relación directa co emprego e o emprendemento.
- Fundación Roberto Rivas se implicará na difusión de aquelas iniciativas municipais que teñan que ver cos obxectivos que comparten ambas entidades.
- Ambas dúas entidades poderán colaborar, cando así o consideren, á hora de elaborar estudos

e análises sobre emprendemento, emprego e desenvolvemento rural, participación e cidadanía e darlles difusión por ambas partes.

- Ambas entidades colaborarán para atraer ó Concello de Silleda actividades, eventos, actividades formativas e culturais e xerar oportunidades que redunden nun desenvolvemento económico e social da zona e que vaian na línea de difundir un discurso en positivo das oportunidades rurais.

- Fundación Roberto Rivas colaborará co Concello de Silleda na posta en marcha de accións dirixidas a avanzar nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030.

- Ambas entidades colaborarán á hora de dar difusión ás actividades levadas a cabo por cada unha das organizacións nos temas que lles son comúns.

- As dúas entidades se coordinarán para atopar a financiación necesaria para levar a cabo as actividades propostas.

- Calquera outra actividade que de común acordo leven adiante as partes.

## **2.- EN CONCRETO, A COLABORACIÓN DURANTE 2024 CONSISTIRÁ EN:**

• Fundación Roberto Rivas aportará neste ano ao Concello de Silleda a cantidade de 10.000€ co fin de:

o Mellorar a contorna do Santuario da Saleta para o disfrute da cidadanía, así como de outras parroquias do concello que o precisen, en concreto a contorna da igrexa parroquia de Ansemil, mellorando a iluminación e acondicionamento de ambas ubicacións.

o Instalación de bicicletas de uso público e os seus aparcadoiros en puntos clave da localidade de Silleda, a definir por ambas partes.

• O Concello de Silleda contará co apoio de Fundación Roberto Rivas na dinamización do Viveiro Municipal de Empresas ubicado no Polígono Empresarial Área 33, para elo a fundación aportará os medios técnicos precisos para levar a cabo esa labor e pola súa banda o concello aportará os medios materiais para levar a cabo os eventos e as actividades que se requiran.

• Promoción conxunta de melloras derivadas do traballo de co-creación da Axenda local 2030 de Silleda e posta en marcha de medidas ligadas co desenvolvemento sostible do concello. Fundación Roberto Rivas apoiaría as accións que poña en marcha o Concello como poderían ser, a modo de exemplo:

o Sensibilización da cidadanía en temas relacionados con sostenibilidade, economía circular...

o Accións de participación da cidadanía naqueles asuntos que o Concello considere.

o Mellora da contorna de Silleda, favorecendo a xeración de espazos peoniles e verdes que repercutan positivamente na saúde, o benestar e o disfrute da cidadanía.

### 3.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

As partes designarán unha comisión de seguimento para o control periódico da execución do convenio, que estará formada por un representante de cada entidade, a Sra. Alcaldesa do Concello de Silleda ou en quen delegue, e a Directora da Fundación Roberto Rivas, ou persoas en quen deleguen.

### 4.- VIXENCIA

A vixencia deste convenio será de catro anos dende a súa sinatura e se revisará ano a ano o contido concreto do mesmo.

Renovarase automaticamente se non media unha interrupción por algunha das dúas partes.

### 5.- XURISDICIÓN

As posibles discrepancias que poidan xurdir no desenvolvemento deste acordo, solventarásen no contexto da anteriormente mencionada "Comisión de Seguimento".

Unha vez lido polas dúas partes, en proba de conformidade, asina e outorgan por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicadas.

Polo Concello de Silleda	Pola Fundación Roberto Rivas
A Alcaldesa	A Directora
Dna. Paula Fernández Pena	Dna. Olga Rivas Iglesias

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste Convenio.

### Expte 1161/2024 - Dar conta do Convenio de Cooperación Educativa, asinado entre o Concello de Silleda e a Universidade de Vigo

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Pola Alcaldesa dase conta do Convenio de Cooperación Educativa, asinado en data 04 de xullo de 2024 coa Universidade de Vigo, que terá un período de duración do 22/07/2024 ata o 28/08/2024, e de 150 horas.

Os obxectivos educativos deste convenio son: "As prácticas académicas externas facilitarán aos estudantes o primeiro contacto co que presumiblemente será a súa futura contorna laboral. Estas prácticas ofrecen ao alumno a posibilidade de completar a súa formación académica e adquirir unha experiencia profesional a través da realización de prácticas en empresas ou institucións de carácter público ou privado. Os obxectivos das prácticas en empresas son, entre outros, permitir ao estudante: (i) Coñecer a realidade laboral das empresas, (ii) aplicar na práctica real dunha

empresa os coñecementos adquiridos durante os seus estudos, (iii) adquirir as capacidades técnicas (saber facer), interpersoais (saber estar) e de pensamento (saber ser), que lle capaciten para enfrontarse ao mundo laboral con maiores garantías de éxito. Durante as horas presenciais que o alumno realice na empresa, este observará os procesos produtivos/actividade laboral desenvolvida na empresa pasando, con posterioridade, a participar activamente nos mesmos como un membro máis da empresa. A maiores, unha vez finalizada a práctica, o alumno adicará 30 h de traballo autónomo a elaborar unha memoria de prácticas na que describirá a empresa/entidade na que realizou as súas prácticas, as tarefas e traballos desenvolvidos na mesma, os coñecementos adquiridos durante esta etapa e a súa relación coa adquisición de competencias propias da titulación.”

As actividades a desenvolver son: Formación no departamento de medio ambiente.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste Convenio.

#### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

#### **C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**